



RESOLUCIÓN SOBRE A APLICACIÓN DO REAL DECRETO LEI 10/2020, do 29 DE MARZO, NO CONCELLO DA CORUÑA.

I.- En liña co Real Decreto Lei 6/2020, de 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a saúde pública a nivel estatal, por decreto da Alcaldía do Concello da Coruña, ditado o 12 de marzo de 2020, acordouse, entre outras medidas, o peche de instalacións de titularidade municipal.

II.- Asemade, por outro Decreto da Alcaldía, da mesma data 12 de marzo, declarouse a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID 19, a adopción das medidas precisas para garantir a seguridade e salubridade públicas así como o funcionamento dos servicios imprescindibles, facultando expresamente ao Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior para dispoñer de cantos medios materiais e persoais fosen necesarios para dar cumprimento ao devandito decreto.

III.- O Goberno de España declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data.

IV.- A Xunta de Galicia acordou declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia e activar o Plan Territorial de emerxencias de Galicia (*Platerga*); acordo que se publicou no DOG núm. 50 bis, do 13 de marzo.

V.- As autoridades competentes continuaron ordenando diversas medidas de carácter sanitario, de seguridade e protección civil, en materia de transporte e mobilidade, entre outras.

VI.- O 15 de marzo aprobouse, nesta administración, o documento identificado como novo protocolo/instrución de medidas para a actuación do persoal empregado público do Concello da Coruña diante da pandemia do coronavirus (COVID-19)



CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR
Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior
AD014I002P AD0/2020/16

VII.- Con posterioridade, aprobouse o Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, sobre medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID; así como o Real Decreto Lei 9/2020, do 27 de marzo, sobre medidas complementarias no ámbito laboral.

VIII.- No BOE do 29 de marzo publícase o Real Decreto Lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea, que non presten servizos esenciais, coa finalidade de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

IX.- A instrución/protocolo, aprobado o 15 de marzo e comunicado ao conxunto de empregados municipais, determina, nos seus apartados segundo, terceiro e cuarto o seguinte:

“Segundo. *Todos os empregados públicos cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende os seus domicilios na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos, a administración facilitará fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia, sempre que o permita a dispoñibilidade técnica.*

Terceiro. *Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial.*

Cuarto. *En todo caso, considéranse servizos de carácter esencial os mercados municipais, os servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación, os cemiterios, a limpeza viaria e a recollida de lixo; os servizos de benestar social e atencións ás persoas vulnerables; a seguridade cidadá (policía local, bombeiros e proteccións civil) así como a atención cidadá (010 e rexistros) e todas aquelas que determine a alcaldía e/ou as respectivas concellerías-delegadas por considerarse necesarias para garantir a continuidade dos servizos públicos esenciais.*



CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR
Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior
AD014I002P AD0/2020/16

Tamén se consideran funcións esenciais as desempeñadas polos membros da Corporación, e as persoas titulares da Secretaría Xeral, Intervención Xeral, Tesourería e Oficialía Maior, persoal directivo e xefes/as de servizo.”

X.- O artigo 4 do Real Decreto Lei 10/2020 establece a idea xeral de actividade mínima indispensable. Así, atendendo ao establecido na súa Disposición adicional quinta, en relación coas actividades excepciónadas no anexo a esa norma, coa premisa de preservar o mantemento e seguridade de edificios públicos, a salubridade e a adecuada prestación dos servizos públicos esenciais, incorpóranse determinadas precisións para a protocolización e homoxeneización na execución de prestacións relativas a limpeza, mantemento e seguridade de edificios públicos ou conserxarías; mantemento de xardíns, parques, fontes, alumeados públicos e asimilados.

Por canto antecede, **DISPOÑO:**

Primeiro. Determinar que segue vixente a instrución/protocolo, aprobada o 15 de marzo de 2020, incluída a consideración de servizos e funcións de carácter esencial (apartado quinto).

Nas prestacións relativas a limpeza, mantemento e seguridade de edificios públicos ou conserxarías; así como limpeza de xardíns, parques, fontes, alumeados públicos e asimilados procederase de conformidade co indicado no artigo 4 do Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo.

As persoas responsables dos contratos, coa conformidade da respectiva dirección de área e supervisión da Concellería delegada, fixaran coas respectivas empresas prestadoras, protocolos concretos de actuación, con operativas a executar e persoal indispensable, quendas ou reténs de dispoñibilidade con arranxo aos seguintes criterios xerais:

- Mantemento da seguridade de persoas e bens.
- Máximo grado de protección aos empregados
- Prestación dos servizos públicos a veciñanza.
- Actividade mínima indispensable nas prestacións que anteceden.



CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR
Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior
AD014I002P AD0/2020/16

- Concreción documentada coas respectivas prestadoras das operativas realizadas e compromiso de recuperación de tarefas non executas unha vez que desapareza o estado de alarma e/ou as medidas adoptadas para loitar contra o COVID-19

Segundo. Continuar fornecendo o teletraballo, procurando reducir a mobilidade e os desprazamentos para acudir aos centros de traballo, incluso para os servizos e funcións de carácter esencial.

Terceiro. Esta resolución aplícase ao persoal do IMCE, que se encargará da súa aplicación práctica, e trasládase aos seguintes entes instrumentais: EMALCSA, EMVSA, Consorcio da Música, Consorcio de Turismo, Fundación Luís Seoane e Fundación de EMALCSA.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
(P.D. Alcaldía, Decreto de 12 de marzo de 2020)

José Manuel Lage Tuñas

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYTO A CORUÑA a las 15:33 del día 30/03/2020 y por Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 15:33 del día 30/03/2020. Mediante el código de verificación 3Q1X2F10162N202H0OPQ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/Anolada en el Libro de Resolución de Alcaldía con el núm. COR/DEC/1559/2020 el 30/03/2020